



A APDR INICIA UNHA CAMPAÑA DE APOIO ECONÓMICO

A Xunta Directiva da APDR vén de poñer en marcha unha campaña de recollida de fondos económicos para afrontar os gastos correspondentes á campaña conxunta que está levando a cabo baixo o lema “ENCE FÓRA DA RÍA PARA SEMPRE” xunto con distintas institucións (entre elas a Deputación de Pontevedra) e numerosos colectivos sociais da comarca, unha campaña que está a desenvolver unha importante tarefa de información baseada no reparto masivo do chamado “Libro branco de ENCE” que está a ter unha magnífica acollida entre a veciñanza.

Para a APDR, que asume a parte proporcional que lle corresponde dos gastos orixinados, é absolutamente necesario que o gasto da campaña –que non remata co inicio da campaña electoral- non hipoteque os gastos do funcionamento ordinario que a APDR ten que asumir ao longo do período 2015-2016, polo que só cun esforzo económico extra das persoas que forman parte da asociación se poderá asumir. Neste sentido, facemos un chamamento aos socios e socias e a todas as persoas que, sen formar parte da APDR, simpatizan coas nosas posicións a prol da recuperación da Ría e dun futuro sen contaminación, a colaborar coa campaña facendo un ingreso extra na conta corrente que a asociación ten aberta en ABANKA.

Para maior información, poden poñerse en contacto coa APDR ao través do correo electrónico apdr@apdr.info ou mediante contacto telefónico ao número 666621438.

Pontevedra, 23 de novembro de 2015

Asdo.: Antón Masa